



# DOCUMENTO INFORMATIVO

DIXITALWEEK 2023

01 ao 07 de outubro

**CENTRO DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA PEARES  
(CARBALLEDO)**



# ÍNDICE

- 1.) OBXECTIVOS E PROGRAMA XERAL
- 2.) MENÚ
- 3.) HORARIO TIPO E ACTIVIDADES
- 4.) ROUPA RECOMENDADA
- 5.) INSTALACIÓNS
- 6.) HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA
- 7.) INFORMACIÓN ADICIONAL
- 8.) SEGURO



## 1.) OBXECTIVOS E PROGRAMA XERAL

A estancia ten como obxecto o desenvolvemento dun programa de inmersión lingüística que transcorrerá integramente en inglés, e durante o cal o alumnado realizará distintas actividades relacionadas coa contorna dixital, así como xogos, deportes, veladas, unha excursión...

Os obxectivos xenerais da actividade son:

- Mellora da competencia comunicativa en lingua inglesa.
- Mellora da competencia dixital.
- Mellora da autonomía.
- Interacción entre mozos de distintas contornas escolares de Galicia.

## 2.) MENÚ



### DIGITAL WEEK MENU 2023

	SUNDAY	MONDAY	TUESDAY	WEDNESDAY	THURSDAY	FRIDAY	SATURDAY
BREAKFAST		Milk with cocoa, juice, biscuits, cereals, fresh fruit, bread, butter and jam	Milk with cocoa, juice, biscuits, cereals, fresh fruit, bread, butter and jam	Milk with cocoa, juice, home made cake, cereals, fresh fruit, bread, butter and jam	Milk with cocoa, juice, biscuits, cereals, fresh fruit, bread, butter and jam	Milk with cocoa, juice, biscuits, cereals, fresh fruit, bread, butter and jam	Milk with cocoa, juice, home made cake, cereals, fresh fruit, bread, butter and jam
SNACK		Banana	Pear	Apple	Banana	Tangerine	
LUNCH		Macaroni, tomato, vegetables and tuna	Vegetable lentills	Caprese salad	Pasta salad with tuna and boiled egg	Espaguetti with meat and tomato	
		Roast Chicken with mushrooms	Roasted Hake & Potatos	Raxo + Rosted Potato	Cottage Pie	Meatballs in sauce with rice	
		Apple	Flavored yogurt	Banana	Natural yogurt	Apple	
SNACK		York ham sandwich	Serrano ham and tomato sandwich	Cocoa cream sandwich	Cold cut turkey sandwich	Cheese sandwich	
DINNER	Leek & potato soup + toast bread	American burger	Sopa de Fideos	Galician soup	Paella	Bean stew	
	Fish and chips and salad	Chips + ensalada de tomate	Spanish omelette and tomato salad	Pizza	Battered hake with salad	Squids with salad	
	Natural yogurt	Strawberry yogurt	Fruit salad	Rice pudding	Jelly	Flavored yogurt	

### 3.) HORARIO TIPO E ACTIVIDADES

TIME	SUNDAY	MONDAY	TUESDAY	WEDNESDAY	THURSDAY	FRIDAY	SATURDAY
8:00-8:30	17.00 MEETING	WAKE UP, TIDY UP AND GET READY					
8:30-9:00		BREAKFAST					
9:00-11:00		EXAMS AND GROUP BONDING	WEB PAGE CREATION AND MOON				GOODBYE
11:00-11:30		SNACK AND FREE TIME					
11:30-13:30		ROBOTICS AND NOBEL RUN					
13:30-15:30		LUNCH AND FREE TIME					
15:30-17:00		GYMKHANA	EGG DROP	TRIP AND	STOP THE BUS	JEOPARDY	
17:00-17:30		SNACK AND FREE TIME			SNACK AND FREE TIME		
17:30-19:30		RECEPTION	3D DESIGNING, SCANNING AND PRINTING		OLYMPIC GAMES	3D DESIGNING, SCANNING AND PRINTING	FINAL PRESENTATION
19:30-20:30		SHOWERS AND PHONE TIME					
20:30-21:15	DINNER						
21:15-22:30	MUSIC BOX	GAMES NIGHT	KARAOKE	MOVIE NIGHT	FASHION SHOW	DISCO NIGHT	
22:30-23:00	ZzZz BED TIME ZzZz						

\*Este é un horario tipo dunha semana no curso residencial no que se pode atopar a distribución das actividades durante todo o día. Ese horario pode estar suxeito a modificacións por motivos técnicos ou climatolóxicos. Durante a mañá, o alumnado almorzará, asearase e comezará cos temas dixitais, que serán atractivos e interactivos co fin de axudar a facer a aprendizaxe máis amena e divertida, cun descanso a media mañá.

Algunhas das actividades realizaranse de forma rotatoria entre os distintos grupos, polo que poderían cambiar de día ou de horario.





O día remata cunha velada de carácter lúdico e social, xa que son as únicas actividades nas que case todo o grupo participará conxuntamente

## 4.) ROUPA RECOMENDADA

→ **Toda a roupa, calzado e accesorios teñen que ir marcados co nome e os dous apelidos.**

- 7 camisetas, 4 pantalóns longos.
- 3 suadoiros ou xerseis de manga longa.
- 3 chándales completos ou roupa de deporte.
- 1 ou 2 toallas de ducha.
- Sandalias de ducha.
- 7 mudas de roupa interior, calcetíns deportivos (7 pares) e 1 pixama.
- Calzado deportivo con sola de goma, botas con sola de goma ou zapatos cómodos para andar con sola de goma e zapatillas para o interior.
- 1 prenda de abrigo e un chubasqueiro ou similar.
- Bolsa de aseo completa.
- 1 paraugas.
- Non é necesario traer cartos.
- **Artigos que o alumnado participante non pode traer:** obxectos de valor, reprodutores de música, xogos ou outros aparellos electrónicos, xoias. Está prohibido o uso de toallitas húmidas na instalación.  
Non nos responsabilizamos da perda ou deterioración de artigos pertencentes ao alumnado.

## 5.) INSTALACIÓNS

INSTALACIÓNS	
Complejo	
Cuartos	
Comedor	
Aseos	

- Antiga aldea Os Peares, pertencente a Gas Natural Fenosa composta de varios edificios independentes: aulario, dormitorios, comedor e cociñas, zona recreativa, etc.
- O aulario é un edificio independente con máis de 20 aulas e salas multiusos.
- Situado nun contorno privilexiado nun medio absolutamente natural, facilita que o programa se desenvolva nun ambiente de concentración e tranquilidade.



## 6.) HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA

Para a mellor organización do curso, na seguinte táboa pódense atopar os horarios de entrada e saída das instalacións.

En caso de que calquera alumno ou alumna deba saír das instalacións durante o transcurso do curso, deberán indicar o día e a hora de saída, así como o día e a hora de entrada de novo ao curso. Esta indicación deberá realizarse na folla de incidencias que se atopa na ficha de inscrición facilitada e que deberá estar asinada polo representante legal do alumno.

<b>Hora de Entrada</b> Domingo, 01 de outubro de 2023	<b>Hora de Saída</b> Sábado, 07 de outubro de 2023
<p><b>Cada centro educativo recibirá unha convocatoria personalizada cunha hora específica para entrar nas instalacións. Esa convocatoria virá acompañada das instrucións de entrada.</b></p> <p>Pregamos puntualidade á hora da entrada. Recepción: <b>Entrada</b></p>	<p><b>Cada centro educativo recibirá unha convocatoria personalizada cunha hora específica para saír das instalacións. Esa convocatoria virá acompañada das instrucións de saída.</b></p> <p>Pregamos puntualidade á hora da saída.</p>

**\*\*\*Saídas e entradas no curso residencial fóra dos horarios establecidos:** aqueles alumnos ou alumnas que, por motivos alleos á organización do curso, teñan que chegar máis tarde da hora á que foron convocado o día 01 de outubro, ou que teñan que ser recollidos/as nun horario diferente de aquel ao que foron convocados o día 07 de outubro, deberán comunicalo no formulario enviado, na folla de incidencias, co día e a hora exactos nos que se presentarán nas instalacións.

No caso de que, por algún motivo, o alumno ou alumna se deba ausentar do curso unha vez iniciado este e durante algún tempo, deberá comunicalo no formulario anteriormente indicado. Así mesmo, o día de recollida do alumno ou alumna o representante legal deberá identificarse co seu DNI e asinar unha autorización de saída na que se fai responsable do menor durante o tempo que estea fóra do curso.

A hora máxima á que poderán chegar os alumnos e alumnas o día 01 de outubro é ás 21:00. Pasada esta hora deberán traer aos nenos ao día seguinte, debendo comunicárnolo previamente.

Non estará permitida a saída do alumnado durante a celebración de toda a actividade, salvo causas debidamente xustificadas e admitidas pola organización.

Non están permitidas as visitas durante a estancia.

## 7.) INFORMACIÓN ADICIONAL

**COCIÑA:** no centro contarase cun servizo de cociña que se encargará da alimentación dos nenos e que será o responsable de elaborar o menú que lles detallamos no punto 2. O servizo dispón de menús especiais para atender as necesidades de nenos e nenas diabéticos, celíacos, vexetarianos, etc.

**CUARTOS:** o alumnado durmirá en cuartos de catro. Os cuartos estarán distribuídos por sexo.

**LIMPEZA:** todo o alumnado será responsable de manter as súas cousas e o cuarto limpo e ordenado, fará a súa cama a diario e terán os armarios persoais ordenados.

O persoal de limpeza do centro encargárase de facer a limpeza xeral dos cuartos e zonas comúns.

**LAVANDERÍA:** Non haberá servizo de lavandería durante a estancia dos nenos no curso.

**PIOLLOS:** Para previr piollos no curso, cómpre que revisen aos nenos 24 horas antes da participación neste para que, en caso de que tivesen piollos, se lles poida aplicar o tratamento necesario.

**TELÉFONO:** os nenos e nenas que o desexen, poden levar o seu teléfono móbil, pero será recollido polos monitores e monitoras e unicamente terán acceso a el no horario establecido pola dirección do programa. As horas e días indicados máis abaixo serán estritamente observados. O móbil deberá estar marcado co nome e apelidos do alumno ou alumna, o número de teléfono e o PIN en caso de que así o queiran. (A maioría dos alumnos e alumnas non lembran o seu PIN á hora de encender o móbil, polo que é recomendable.)

Nota: por favor, non esquezan incluír o cargador do móbil.

É recomendable meter os teléfonos móbiles en bolsas tipo cremallera.

As horas de chamada son:

Os nenos e nenas sen teléfono móbil propio poderán utilizar os dos monitores e monitoras do curso por quendas entre as 20:00 a 20:30 h. (Deben ter en conta que serán varios nenos e nenas os que utilizarán este teléfono, polo que se recomenda que a duración da chamada non supere os 3 minutos para que todos o poidan utilizar).

O alumnado con teléfono móbil propio terá o mesmo horario, pero sempre serán eles os que chamen para evitar a interrupción continua das actividades. Deste xeito serán os monitores ou monitoras os que poidan organizar os seus tempos de chamadas

Será o alumnado o que se poña en contacto coas familias e non ao contrario para evitar que se bloqueen as liñas telefónicas. O proceso de chamadas realizarase durante o período establecido anteriormente, polo que os seus fillos e as súas fillas poderán chamar en calquera momento. Por favor, pregámoslles sexan pacientes.

En caso de ter algunha dúbida sobre o curso ou sobre o estado dos seus fillos e fillas, pregámoslles que se poñan en contacto coa oficina de Play & Say por teléfono ou correo electrónico. Dende alí encargáronos de comunicarnos directamente cos monitores e as monitoras do curso e de darlles unha solución ás súas dúbidas.

- Teléfono de contacto da oficina 943 469 373
- Correo electrónico [info@playandsay.org](mailto:info@playandsay.org)

**Só en caso de URXENCIA pode contactar co coordinador, que estarán á súa disposición para resolver calquera situación que se poida presentar**

- Aida Pera: 646 515 937

**VISITAS DE PAIS E NAIS:** os pais e nais non deben entrar nas instalacións nin visitar ao alumnado durante o desenvolvemento do curso, salvo en caso de aviso previo na folla de incidencias do formulario de inscrición.

**WEB:** para este curso, creamos un blog protexido por medio dunhas claves de acceso no que poderán estar ao tanto do desenvolvemento do curso a través das novas que irán incluíndo os monitores e monitoras. A través do sitio web contarán cunha galería de imaxes diaria na que poderán ver os seus fillos e fillas participando nas diferentes actividades.

**As fotos só se poden ver durante o programa. Despois serán eliminados por cumprimento da normativa vixente respecto da protección de datos persoais.**

En caso de ter calquera dúbida con respecto ao acceso ao sitio web, non dubiden en contactar con nós no correo electrónico: [info@playandsay.org](mailto:info@playandsay.org) ou no teléfono 943 469 373

**MATERIAL:** Non é necesario que o alumnado leven material escolar, xa que se lles facilitará durante a estancia, tendo a obriga de respetalo e coidalo en todo momento.

**SERVIZOS MÉDICOS:** o coordinador do curso e os monitores e monitoras encargaranse de vixiar de cerca o estado físico do alumnado e de administrar os medicamentos que os proxenitores indiquen.

O Centro de Inmersión Lingüística de Peares conta cunha enfermería. En caso de emerxencia, o alumnado será trasladado ao hospital máis próximo.

**MEDICAMENTOS:** É imprescindible indicar previamente, no formulario que lles enviamos, os datos médicos do alumnado participante. En caso de que os nenos ou nenas utilicen medicación habitual, deberán levala ao curso residencial gardada nunha bolsa e marcada co seu nome e apelidos e a súa frecuencia de uso. Unha vez chegados ao curso, as persoas monitores e monitoras recollerán a medicación, gardarana e serán os encargados de ir subministrándolla diariamente.

En caso de que o alumnado necesite levar consigo a medicación en todo momento (caso común do alumnado que teñen asma e necesitan o inhalador), os nenos manterán con eles a medicación e o monitor ou monitora ocuparase do seu benestar.

**DIETAS ESPECIAIS:** No caso de que algún alumno ou alumna necesite unha dieta especial ou teña alerxias, intolerancias, etc. a algún alimento, será necesario comunicalo previamente no formulario de inscrición. Antes do inicio do curso enviaremos unha lista daquel alumnado que requira unha dieta especial ou que non poidan consumir algún alimento ao cátering, que se encargará de ter a suficiente oferta de alimentos para eles.

**EXCURSIÓN:** o alumnado participante realizará unha excursión en horario de tarde un dos días da semana aínda sen determinar.

**CARTOS RECOMENDADOS:** Non é necesario traer cartos.

**TARXETA SANITARIA:** é moi importante que o alumnado leve a fotocopia da tarxeta sanitaria con eles e, en caso de telo, fotocopia da tarxeta do seguro privado ao que pertenzan. A fotocopia deberá ser entregada xunto co formulario de inscrición, a fotocopia do DNI e/ou unha foto tipo carné, o día de entrada no curso residencial.

## 8.) SEGURO

Todos o alumnado está cuberto por un seguro de accidentes e responsabilidade civil.